

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA E O COLEXIO PROFESIONAL DE ENXEÑARÍA EN INFORMÁTICA DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN, FORMACIÓN E CONCIENCIACIÓN EN MATERIA DE CIBERSEGURIDADE.

Santiago de Compostela, a 26 de xullo de 2024

REUNIDOS

Dunha parte, Don Julián Cerviño Iglesia, Director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (NIF Q1500382E), actuando en nome e representación da dita Axencia, en virtude das facultades conferidas polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, modificado polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, e o Decreto 149/2022, do 1 de setembro, polo que se nomea Director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Doutra parte, don Fernando Suárez Lorenzo, presidente do Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia, (co NIF Q1500325D) en nome e representación do citado Colexio, con sede na, Rúa Fernando III o Santo, nº13 1ªA – 15701 Santiago de Compostela (A Coruña), en virtude das atribucións que lle confiren os Estatutos deste Colexio, aprobados polo Decreto 214/2008, do 11 de setembro, da Xunta de Galicia (DOG do 3 de outubro), así como pola Lei 10/2006 do Parlamento de Galicia, do 1 de decembro, de Creación do Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos no exercicio das atribucións que teñen conferidas no nome das entidades que representan e

EXPOÑEN

Primeiro. Que, segundo o artigo 9 do estatuto da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia aprobado polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, a Amtega ten entre as súas competencias a dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións e o deseño e liderado de iniciativas que contribúan a impulsar o desenvolvemento da Sociedade da información en Galicia, garantindo os dereitos dos cidadáns e eliminando as barreiras que se opoñan á expansión e ao uso das novas tecnoloxías.

Así mesmo, de acordo co artigo 5 do Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, queda desconcentrada no titular da Dirección da Amtega a competencia para subscribir con entidades públicas e privadas, en nome da Amtega, convenios de colaboración excluídos da lexislación de contratos do sector público.

Segundo. Que o Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia, (en diante CPEIG) segundo o disposto na Lei 10/2006 do Parlamento de Galicia do 1 de decembro do 2006, pola que se crea o Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia e os seus Estatutos, ten entre os seus fins e funcións a regulación do exercicio, promoción e mellora das actividades profesionais que engloban as enxeñarías en informática e o fomento e promoción de actuacións relacionadas con este sector profesional entre as que se atopan a implantación da sociedade da información e das tecnoloxías da información en todos os ámbitos da actividade económica e social da Comunidade Autónoma de Galicia.

Terceiro. Que a Xunta de Galicia, ante o escenario dixital que nos rodea, motor dunha sociedade mellor, apostando por un modelo de crecemento vinculado á economía dixital –solidaria e inclusiva– e á transparencia e participación de todos os axentes implicados no desenvolvemento económico de Galicia, está a impulsar medidas dinamizadoras da economía galega. Neste contexto, o sector das TIC galego debe converterse nunha das áreas produtivas claves no desenvolvemento económico e social de Galicia, pola súa condición de acelerador do cambio tecnolóxico e polo seu carácter transversal ao resto de sectores.

O Consello da Xunta aprobou, o 3 de decembro de 2020, a Estratexia Galicia Dixital 2030 (EGD 2030), co obxectivo de configurar un futuro dixital para todos, contribuíndo ao aumento da calidade de vida e ao desenvolvemento sostible nas súas tres vertentes: económica, social e medio ambiental.

Así, a Estratexia Galicia Dixital 2030 constitúe unha folla de ruta para apoiar a toma de decisións no ámbito dixital na próxima década que, sobre as bases construídas, contribúa a extrapolar ideas das tendencias globais actuais, explorar algunhas das incertezas clave que darán forma ao futuro de Galicia, e anticipar mellor algunhas das eleccións e decisións que poderemos afrontar nos próximos anos.

Enmarcada dentro da EGD 2030, e aliñada coa Estratexia de Ciberseguridade da Unión europea, e a Estratexia Nacional de Ciberseguridade, particularizada para a comunidade galega a Xunta de Galicia, a través da Amtega, traballouse na Estratexia Galega de Ciberseguridade 2030 que, entre outras, recolle as seguintes liñas de acción:

- Formar e concienciar en ciberseguridade á sociedade galega
- Promover o talento especializado en ciberseguridade
- Impulsar a innovación, desenvolvemento e investigación aplicada á ciberseguridade

Ademais, a Amtega asinou a finais de 2023 o convenio de colaboración “Entre entidades de las Comunidades Autónomas de Cataluña, Galicia, Comunidad Valenciana y la S.M.E. Instituto Nacional de Ciberseguridad de España M.P., S.A. (INCIBE) en el ámbito del programa RETECH (Redes Territoriales de Especialización

Tecnológica), y en el marco del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia-financiado por la Unión Europea – Next Generation EU”, que ten entre os seus obxectivos fomentar a concienciación e capacitación en materia de ciberseguridade. O presente convenio contextualízase no marco deste programa RETECH.

Cuarto. A Amtega ten entre os seus obxectivos prioritarios lograr un desenvolvemento efectivo da Sociedade da Información na Comunidade Autónoma de Galicia, promovendo aquelas accións que faciliten e impulsen a incorporación de toda a sociedade aos novos recursos tecnolóxicos da información e das comunicacións e a implicación dos cidadáns galegos na utilización das novas tecnoloxías como factor xerador de novas capacidades, de emprego e de desenvolvemento económico. A velocidade de desenvolvemento da Sociedade do Coñecemento e as súas tecnoloxías esixe unha labor de concienciación e formación en materia de ciberseguridade coa finalidade de que os distintos colectivos estean preparados para facer fronte ás ameazas crecentes fronte ás actividades delitivas na rede.

Quinto. Que para levar a cabo a devandita finalidade continúase co deseño e execución dunha serie de actuacións de promoción, formación e concienciación en materia de ciberseguridade, entre as que estarían:

- Actividades destinadas ao colectivo empresarial, con charlas, paneis de debate e obradoiros de ciberseguridade.
- Actividades dirixidas á cidadanía de interese para os menores, familia e perfís con interese de especialización no ámbito da ciberseguridade.
- Actividades dirixidas aos profesionais das administracións públicas galegas autonómica, provincial e local.

Sexto. Que entre as actuacións de promoción, formación e concienciación en materia de ciberseguridade promovidas no contexto do Nodo Galego de Ciberseguridade está a continuidade do Encontro Galego de Ciberseguridade CIBER.gal, organizando a súa cuarta edición conxuntamente co CPEIG, sendo esta unha entidade adherida oficialmente ao Nodo con ampla experiencia na organización de actividades similares, aportando o seu coñecemento na colaboración para a organización desta iniciativa, considerando que existe unha identidade entre os obxectivos do CPEIG e os que constitúen o obxecto do presente convenio, considérase adecuado articular a colaboración antedita mediante o presente acordo.

En consecuencia, a Amtega e o CPEIG acordan subscribir o presente convenio de colaboración con base nas seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Amtega e o CPEIG para a realización de actuacións de promoción, formación e concienciación en materia de ciberseguridade, en concreto, para a realización da cuarta edición do Encontro Galego de Ciberseguridade CIBER.gal como evento integrador que aglutinará novamente a entidades referentes neste



campo como o Instituto Nacional de Ciberseguridad (INCIBE) e o Centro Criptolóxico Nacional (CCN), ás principais empresas do ecosistema de ciberseguridade da Comunidade, e a axentes clave dos sectores tecnolóxico, da investigación e o coñecemento. A través do mesmo levaranse a cabo actividades no marco do Encontro CIBER.gal destinadas ao colectivo empresarial, con charlas, paneis de debate e obradoiros de ciberseguridade. Así mesmo, realizaranse actividades dirixidas á cidadanía de interese para os menores, familia e perfís con interese de especialización no ámbito da ciberseguridade.

Tamén se realizarán actividades destinadas aos profesionais das administracións públicas galegas autonómica, provincial e local, informando sobre os riscos actuais de ciberseguridade e do modo de facerlles fronte.

Nesta cuarta edición que se celebrará no ano 2024, o IV Encontro CIBER.gal estenderá as súas actividades á provincia de Ourense, onde se construírá o Centro de Excelencia en Ciberseguridade (o CECIGA) promovido pola Xunta de Galicia para converterse na icona da innovación e da investigación en ciberseguridade da comunidade galega. Este espallamento de actividades fórmulase como complementariedade ás programadas para o mes de novembro en Santiago de Compostela, consolidando así a data e lugar das anteriores edicións da xuntanza.

Este convenio enmárcase dentro das accións definidas na Estratexia Galicia Dixital 2030, así como nos obxectivos e liñas de actuación do "Centro de innovación e competencia en ciencias da saúde, transporte intelixente, industria conectada e excelencia operativa" do Programa RETECH, que conta, entre outras, cunha liña de acción transversal denominada "Cultura e talento de ciberseguridade" que ten como un dos obxectivos prioritarios sensibilizar a sociedade e comunidade sobre os riscos tecnolóxicos e fomentar as habilidades humanas en relación co ámbito cibernético.

Segunda.- Obrigas das partes

As partes asinantes comprométese a:

- Desenvolver coordinadamente, no ámbito das súas respectivas competencias, as actuacións e medidas necesarias para o eficaz cumprimento do obxecto do presente convenio.
- Facer figurar, en cantas actuacións de difusión pública se realicen no marco deste Convenio, as señas de identidade e logos do Programa RETECH, do Goberno de España, do Ministerio e Secretaría correspondente, así como do Instituto Nacional de Ciberseguridad (INCIBE).

Un.- Compromisos da Amtega

A Amtega, ao abeiro do presente convenio, asume os seguintes compromisos:

1. Liderar e coordinar o proxecto, así como ás entidades co-organizadoras, participando activamente en todas as tomas de decisión precisas para a realización das actuacións previstas neste convenio.
2. Colaborar activamente no deseño, coordinación e desenvolvemento do Encontro CIBER.gal.



3. Proporcionar os espazos necesarios para a realización das actividades do Encontro celebradas en Santiago de Compostela que constitúen o obxecto do convenio.
4. Achegar o financiamento previsto na cláusula terceira do presente convenio.
5. Colaborar activamente na difusión de todas as actuacións previstas no convenio.
6. Aplicar medidas antifraude eficaces e proporcionadas no seu ámbito de xestión e cumprir a normativa comunitaria, estatal e autonómica de aplicación.

Dous.- Obrigas do CPEIG

Co fin de garantir a execución do obxecto do presente convenio, o CPEIG obrígase a:

1. Colaborar activamente en todas as actuacións previstas neste convenio mediante a súa participación no deseño, coordinación e desenvolvemento do Encontro CIBER.gal.
2. Promover e organizar as actividades previstas na cláusula primeira deste convenio, asignando os medios humanos e materiais que sexan necesarios e, de ser o caso, á contratación das colaboracións externas que se precisen para a súa execución. No referido aos medios humanos, no caso de ser preciso asignar ou contratar persoal específico para o apoio na organización, no momento da súa asignación o CPEIG comunicarao á Amtega, así como as tarefas nas que dito persoal dará soporte, e a contía orzamentaria prevista para a súa retribución.
3. Achegar o financiamento previsto na cláusula terceira do presente convenio.
4. Asistir a todas as reunións para as que sexa convocado pola Amtega no marco do presente convenio vinculadas á organización do Encontro. O CPEIG comprométese a ter representación nas citadas convocatorias de alomenos unha persoa.
5. Cooperar activamente na supervisión da calidade dos servizos externos contratados para a organización do proxecto, así como o cumprimento do alcance dos servizos contratados a terceiros.
6. Establecer mecanismos que aseguren que as actuacións a desenvolver por terceiros contribúen ao logro das actuacións previstas e que ditos terceiros aporten a información que, no seu caso, fora requirida para determinar o valor dos indicadores de seguimento precisos.
7. Asegurar o correcto desenvolvemento das actividades presenciais e en liña realizadas no marco do presente convenio.
8. Apoiar toda a difusión relativa á promoción das actividades realizadas no marco deste convenio, reforzando así o alcance das accións de promoción mediante medios propios do CPEIG, tales como redes sociais corporativas, correo electrónico a colexiados ou páxina web propia.
9. Achegar coa xustificación os informes e documentos que acrediten fidedignamente o desenvolvemento do obxecto do presente convenio, así como os informes e demais documentos requiridos pola Xunta de Galicia ou pola Amtega.
10. Cumprir a normativa en materia de protección de datos e seguridade da información, concretamente, o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva



- 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos, RXPD) e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais e as normas que a desenvolven.
11. Axustarse ás normas de seguridade e de imaxe corporativa, no seu caso, establecidas pola Xunta de Galicia e a Amtega, no relativo aos comunicados con terceiros en temas vinculados á organización do Encontro. En ditas comunicacións terase en conta o formato, estilo de redacción e incorporación de logos correspondentes
 12. Entregar todo o material elaborado dentro do marco deste convenio de acordo co establecido na cláusula décimo segunda baixo licenza Creative Commons BY-SA (Recoñecemento – Compartir Igual).
 13. Facer figurar expresamente a condición da Amtega e do CPEIG como promotores do proxecto, así como o seu financiamento en actuacións asociadas a este Convenio.
 14. Facilitar a inspección e control dos órganos da Amtega co obxecto de supervisar o cumprimento das actividades previstas no convenio e que permitan a esta a xustificación financeira perante a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e o Tribunal de Contas, así como as comprobacións previstas na lexislación do Consello de Contas.
 15. O CPEIG comprométese a xustificar de xeito detallado ante a Amtega todas as actuacións que se realicen ao abeiro do presente convenio.

Terceira.- Financiamento

1. O orzamento previsto para a realización do obxecto do presente convenio ascende a noventa mil euros (90.000 €).
2. A Amtega colaborará na realización do obxecto do convenio cunha achega máxima de sesenta mil euros (70.000 €) con cargo á aplicación orzamentaria 07.A1.571A.640.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024.
3. A cantidade achegada pola Amtega aliñase coa aportación do 25% que corresponde ás entidades autonómicas vinculadas ao "Centro de innovación e competencia en ciencias da saúde, transporte intelixente, industria conectada e excelencia operativa" do Programa RETECH considerando que, de maneira indubitada, esta iniciativa e as actividades que enmarca contribúen aos obxectivos dunha das liñas de acción transversais de dito Centro, a de Cultura e talento de ciberseguridade.
4. A cantidade achegada pola Amtega destinarase a cofinanciar os gastos relativos ás seguintes actuacións previstas:
 - Medios técnicos para a adecuación e preparación dos espazos físicos nos que se celebre o Encontro
 - Medios materiais tanto físicos como dixitais destinados á adaptación dos lugares de celebración do Encontro.
 - Persoal técnico e persoal auxiliar precisos para a realización do Encontro.
 - Servizos e elementos operativos precisos para a xestión do Encontro.



-Accións promocionais destinadas a poñer en coñecemento do público obxectivo a existencia do Encontro.

A referida achega por parte da Amtega é unha porcentaxe do importe total do proxecto e financiará exclusivamente unha parte dos custos do convenio, sen que o CPEIG obteña beneficio ou lucro ningún.

5. O CPEIG asumirá a diferenza entre a achega económica da Amtega e o orzamento total do convenio. O importe estimado desta asignación é de vinte mil euros (20.000 €), sen prexuízo da súa modificación en atención ás actividades relacionadas co desenvolvemento e execución das actuacións que constitúen o obxecto do convenio.

Cuarta.- Forma de pagamento e xustificación do convenio.

O pagamento da achega prevista por parte da Amtega na cláusula terceira do presente convenio realizarase previa solicitude do CPEIG e xustificación do desenvolvemento das actuacións levadas a cabo na súa execución. A tal fin, o CPEIG deberá achegar á Amtega a xustificación da realización das actividades previstas no convenio antes do 30 de novembro de 2024, na que se incluírá a seguinte documentación:

a) Memoria xustificativa do cumprimento das condicións establecidas neste Convenio, con indicación das actividades realizadas, resultados obtidos, e as incidencias máis significativas.

b) Memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas que conterà:

1º Relación clasificada, de xeito detallado, dos gastos atendibles para cada actuación. Para cada un dos gastos atendibles deberase describir o concepto con exactitude, indicando dun xeito claro e conciso o servizo ao que corresponderon, identificación do acredor e do documento, importe correspondente a cada servizo descrito, data de emisión e data de pago. Na relación clasificada o CPEIG deberá diferenciar os gastos atendibles que resultan cofinanciados mediante a achega da Amtega, debendo aliñarse estes ás actuacións previstas recollidas na cláusula terceira, e os que son cofinanciados mediante a achega do CPEIG.

2º Xustificación dos gastos atendibles: orixinais ou copias compulsadas das facturas ou dos documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil, ou con eficacia administrativa, incorporados na relación clasificada dos gastos.

3º Nóminas pagadas, gasto de seguridade social e importes retidos en concepto de IRPF e certificado de dedicación emitido polo CPEIG da asignación das persoas ao proxecto. Para a imputación dos gastos de persoal ao proxecto, o CPEIG deberá realizar, con anterioridade á execución do convenio, a imputación de persoal propio ás actividades obxecto do convenio, indicando as porcentaxes de dedicación previstas, e así mesmo, na fase de xustificación, deixará constancia documental das horas efectivamente consumidas polos traballadores/as imputables ao proxecto, explicitando as súas dedicacións



horarias, en documento asinado polo responsable da entidade e a persoa empregada, e acompañada dos correspondentes partes de traballo.

4º Seguridade Social do período que se alega: Documentos/s de Relación nominal de traballadores e Documento/s de Cálculo da Liquidación e os correspondentes xustificante/s de pago.

5º Importes retidos IRPF do período que se alega: Modelo/s 111 e os correspondente/s xustificante/s do seu ingreso na AEAT.

6º Xustificación dos pagamentos: transferencia bancaria, certificación bancaria orixinal ou extracto de pagamento. Non se admitirán os pagamentos en efectivo.

7º Certificacións expedidas polas respectivas Administracións Públicas, que acrediten que se está ao corrente das obrigas tributarias e da Seguridade Social, así como a acreditación de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración Pública da Comunidade Autónoma ou autorización para que a Amtega realice estas consultas polos seus propios medios.

8º No caso de estar exento do imposto sobre o valor engadido (IVE), documentación acreditativa da mencionada exención.

9º Declaración da titularidade da conta bancaria onde se debe realizar o pagamento.

10º Xustificación, de ser o caso, doutros ingresos obtidos para financiar a actividade, non podendo superar o 100% do seu custo total.

c) Un certificado que acredite a toma de razón en contabilidade de que se executou o obxecto do convenio e que as achegas das partes cofinanciadoras foron destinadas ao pagamento das actividades propias do convenio, xunto coa información detallada das actuacións realizadas e resultados obtidos.

No caso de que a acreditación dos custos do convenio sexa inferior ao orzamento total do convenio, a achega das partes reducirase na mesma proporción.

En todo caso, a Xunta de Galicia e a Amtega resérvanse o dereito de solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa realización das actuacións obxecto deste Convenio, e calquera outra que estime oportuna para a correcta xustificación do gasto e o seu pagamento.

Antes de proceder á sinatura deste convenio e para o seu pagamento, o CPEIG deberá presentar:

- Un certificado de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, expedido pola Consellería de Facenda e Administración Pública.
- Un certificado de estar ao día das obrigas tributarias, expedido pola correspondente delegación da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT).

- Un certificado de estar ao corrente das obrigas sociais, expedido pola Tesourería da Seguridade Social.

A sinatura deste convenio comportará a autorización á Xunta de Galicia para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia.

O CPEIG facilitará toda a información que lle requira a Xunta de Galicia ou a Amtega, así como a Intervención Xeral da comunidade autónoma, a Intervención Xeral da Administración do Estado, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

Quinta.- Comisión de seguimento.

Para a vixilancia, seguimento e control da execución do Convenio, así como para propoñer solucións e solventar as dúbidas que poidan xurdir na aplicación e interpretación das súas estipulacións, constituirase unha Comisión de Seguimento coa seguinte composición:

-Pola Amtega, a persoa titular da súa Dirección, ou persoa na que delegue, e a persoa titular da Dirección da Área de Infraestruturas e Seguridade, ou persoa que a substitúa.

- Polo CPEIG, a persoa titular da súa presidencia e a persoa titular da súa secretaría, ou persoas nas que deleguen.

Esta comisión estará presidida pola persoa titular da Dirección da Amtega, que terá voto de calidade, e reunirse en tódalas ocasións que se estimen oportunas.

A comisión de seguimento manterá as reunións periódicas de coordinación, seguimento e control das actividades realizadas que se estimen necesarias a petición de calquera das partes asinantes.

Sexta.- Vixencia

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2024.

Sétima.- Causas de resolución

O presente Convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución. Son causas de resolución:

- a)O transcurso do prazo de vixencia.
- b)O acordo unánime de todos os asinantes.
- c)O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.
- d) Desestimento por parte da AMTEGA notificado cun mes de antelación.



e) Por calquera outra causa distinta das anteriores previstas na normativa aplicable.

Se cando concorra calquera das causas de resolución deste Convenio existen actuacións en curso de execución, as partes, por proposta da Comisión de Seguimento, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a liquidación das mesmas.

Oitava.- Publicidade

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso do interesado á Administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro (BOE 10-12-2013), de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Novena.- Modificacións

O presente Convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. A devandita modificación terá por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

Décima.- Protección de datos de carácter persoal

1) Tratamento dos datos persoais das partes asinantes deste convenio.

Os datos persoais dos asinantes deste convenio serán tratados por cada unha das partes co fin de xestionar a formalización e desenvolvemento do presente convenio, sendo imprescindible para iso que inclúan os seus datos identificativos, a representación da capacidade que ostenten e a súa sinatura.

A base lexitimadora do tratamento dos datos persoais dos asinantes é o cumprimento dunha misión realizada en interese público baseada na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e na necesidade de tratar os devanditos datos para a execución do convenio subscrito.

Respecto dos datos persoais sobre os que, a estes efectos, a Amtega ostente a condición de responsable do tratamento, as persoas interesadas poderán solicitar ante esta o acceso, rectificación e supresión dos seus datos, así como exercitar outros dereitos recoñecidos nos artigos 15 a 22 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (en diante, RXPD) a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-dos-dereitos>. Contacto co/a delegado/a de



protección de datos e información adicional en <https://www.xunta.gal/informacionxeral-proteccion-datos>.

En canto aos datos persoais sobre os que o CPEIG, a estes efectos, ostente a condición de responsable do tratamento, as persoas interesadas poderán solicitar da devandita entidade o acceso, rectificación e supresión dos seus datos, así como exercer outros dereitos recoñecidos no RXPD a través do enderezo sinalado no encabezamento do presente convenio.

Así mesmo, as partes garanten o cumprimento do deber de información previsto no artigo 13 do RXPD respecto do persoal ao seu servizo, propio ou alleo, cuxos datos persoais sexan comunicados entre as partes para a execución dos seus compromisos.

2) Deber de confidencialidade

Ambas partes deberán respectar o segredo profesional e, en consecuencia, manter a absoluta confidencialidade e reserva sobre todos os documentos, datos e informacións que lle faciliten durante a execución do presente convenio. Así mesmo, estarán expresamente obrigadas a:

- Utilizar dita información exclusivamente no ámbito da relación obxecto de convenio e para os fins nel establecidos;
- Non comunicala, total ou parcialmente, a ningún terceiro sen autorización expresa do emisor salvo nos supostos previstos pola lei, requiríndose o mesmo compromiso do persoal ao seu servizo ou de quen colabore con eles no execución do convenio;
- Facilitar o acceso á información só ao persoal que a precise para o desenvolvemento da citada relación, ao que se lle comunicará a obriga de tratar a información á que teña acceso de xeito estritamente confidencial.
- Aplicar medidas de cautela e protección e destruír en calquera momento a documentación escrita recibida se así o solicita a parte que a forneceu.

Considerarase información confidencial aquela á que as partes asinantes accedan en virtude do presente convenio, especialmente a de tipo técnico ou tecnolóxico, de produción, de mercadotecnia, administrativa, ou económico-financeira, sempre que non teña carácter público ou notorio.

3) Condición de corresponsables do tratamento dos datos dos asinantes.

En atención ao disposto no artigo 26 do referido RXPD establécese para a Amtega e o CPEIG a condición de corresponsables do tratamento dos datos persoais que se derive do cumprimento dos compromisos asumidos conxuntamente no presente convenio de colaboración. A este respecto, as partes determinan:

- Que a redacción das correspondentes cláusulas informativas, así como os medios a través do que se dará cumprimento ao deber de informar establecido nos artigos 13 e 14 do RXPD ás persoas afectadas polo tratamento dos datos persoais que se derive do presente convenio de colaboración, serán consensuados por ambos corresponsables previamente ao inicio da recollida dos datos, tanto no que respecta ás persoas participantes nas actividades de promoción, formación e concienciación en materia de ciberseguridade como ás persoas cuxos datos poidan ser tratados por mor da xustificación do custo das actividades realizadas.
- Que respecto ao exercicio dos dereitos recoñecidos nos artigos 15 a 22 do RXPD por parte das persoas interesadas, designase un único punto de



contacto a través da Amtega, sen prexuízo de que, conforme ao disposto no artigo 26.3 do RXP, as persoas interesadas, independentemente dos termos do presente acordo, poderán exercer os seus dereitos fronte a cada un dos responsables. Para este caso, ambas partes asistiránse a través de medidas técnicas e organizativas apropiadas para dar cumprimento á súa obrigaón de responder ás solicitudes de exercicio de dereitos en materia de protección de datos persoais, facilitándose mutuamente, a primeiro requirimento da outra parte, e coa maior brevidade posible, canta información sexa necesaria ou relevante para estes efectos.

- Que se algunha das partes, en particular o CPEIG dada a natureza das obrigaóns que asume en virtude do presente convenio, levase a cabo para a súa execución a contratación de colaboracións externas que supuxesen un acceso aos datos persoais, comprométese a regular á devandita colaboración de acordo co previsto nos artigos 28 e 29 do RXP e demais disposicións concordantes.
- Que no caso de que algunha das partes detectase unha violación da seguridade dos datos persoais tratados no seus respectivos sistemas de información, deberá notificala á outra parte, de forma inmediata e implementando as medidas de seguridade necesarias, xunto con toda a información relevante para a documentación da incidencia. No caso de que, tras a análise conxunta desta, ambas partes acordaran a necesidade de notificación da violación á Axencia Española de Protección de Datos, conforme o previsto no artigo 33 do RXP, ou no seu caso, tamén ás persoas afectadas (artigo 34 do RXP), ambas comunicacións realizaranse pola Amtega a través da figura do seu Delegado de protección de datos ou da persoa que este designe a estes efectos.
- Que ambas partes implantarán, en todo caso, as medidas de seguridade necesarias para:
 - Garantir a confidencialidade, integridade, dispoñibilidade e resiliencia permanentes dos sistemas e servizos de tratamento. En particular, as comunicacións que se dirixan á Amtega por parte do CPEIG a través do correo electrónico e nas que se inclúan datos persoais para a xustificación do custo das actividades executadas, realizaranse mediante a adopción das medidas de seguridade técnicas e organizativas apropiadas para garantir o nivel de seguridade adecuado ao risco.
 - Restaurar a dispoñibilidade e o acceso aos datos persoais de forma rápida, en caso de incidencia física ou técnica.
 - Verificar, avaliar e valorar, de forma regular, a eficacia das medidas técnicas e organizativas implantadas para garantir a seguridade do tratamento.
 - Pseudonimizar e cifrar os datos persoais, se fose necesario.

Así mesmo, nos casos en que resulte aplicable, implantaranse, ademais, as previsións recollidas no Real Decreto 311/2022, do 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade (ENS).

Décimo primeira.- Inexistencia de relación laboral.

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que realicen as actividades obxecto deste convenio e a Amtega.

Décimo segunda.- Propiedade dos resultados

A propiedade dos resultados obtidos como consecuencia da colaboración obxecto deste convenio corresponderán de xeito conxunto ás partes asinantes e, cada unha delas, poderán facer uso gratuíto destes co consentimento unánime das outras partes.

Décimo terceira.- Notificacións

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
2. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de Notificación Electrónica de Galicia – Notifica.gal dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude para efectos de notificación. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.
3. No caso de persoas interesadas que, de acordo coa normativa básica, estean obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa administración, deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral poderá de oficio crear o indicado enderezo, aos efectos de asegurar o cumprimento polos indicados interesados da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.
4. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, ou fose expresamente elixida polo interesado, entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.
5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Administración practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo cuarta.- Natureza xurídica e xurisdición

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.



Doutra banda, aínda que é un dos negocios xurídicos excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, no non previsto aplicaráselle os principios recollidos na citada lei, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.

A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

E, en proba de conformidade, asíñase o presente convenio no lugar indicado no encabezamento

O Director da Axencia para a
Modernización Tecnolóxica de Galicia.

O presidente do Colexio Profesional de
Enxeñaría en Informática de Galicia

Julián Cerviño Iglesia

Fernando Suárez Lorenzo